

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA

16 DE OUTUBRO DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día dezaseis de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Rivas Caridad, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López (que se incorpora ás 13:35 horas), de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata, integrantes ambos do Grupo Mixto.

Non asiste, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, explica que o motivo da urxencia é porque no pleno ordinario da Deputación do mes de setembro se aprobou unha retención de crédito para dotar economicamente un convenio entre o Concello de Cambre e a Deputación, co fin de repoñer o céspede do campo de fútbol Dani Mallo. Coa intención de entregar a documentación mañá, para que poida ser levado ao pleno deste mesmo mes, é polo que se convoca esta sesión de maneira extraordinaria e urxente.

O señor alcalde propón aos presentes que, de conformidade co establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril e artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal, en relación coa convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes, se pronuncien respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de

UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

Cando son as 13:35 horas incorpórase á sesión dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU.

2º Proposta de aprobación do proxecto de reposición do céspede sintético no campo de fútbol Dani Mallo e solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado do día 14 de outubro de 2014.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, explica que o que se trae hoxe a pleno é a aprobación do proxecto de reposición do céspede do campo de fútbol, que é unha demanda que ten feito este Goberno dende o ano 2011-2012 á Deputación, a instancia dos usuarios, principalmente do Sporting Cambre. Por fin teñen conseguido que a Deputación comprometa a partida orzamentaria correspondente, e este simplemente é o trámite para poder levar ao pleno da Deputación o convenio co visto e prace do Concello.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que vaia por diante que o grupo municipal dos Socialistas de Cambre vai apoiar esta demanda, é unha demanda necesaria. Si manifestar pola súa parte a preocupación, non soamente por este caso, pero ben, en concreto neste caso, porque un tema que teñen aprobado na Deputación, o mesmo concelleiro Fernando Caride o manifestaba agora, o 30 de setembro, veña con esta urxencia, cando ademais, polo que indica a convocatoria, hai que telo antes das 8 de mañá presentado na Deputación. Iso parécelles un pouco de deixamento por parte do Goberno, non ter anticipado un pouco este tema.

Despois, simplemente dicir que o grupo socialista, posto en contacto coa directiva do Sporting Cambre, o que lle gustaría saber é se teñen un prazo ou unha data, máis ou menos, de inicio e duración das obras, porque saben que non soamente inflúe ao Sporting Cambre, inflúe a moitos, e dentro do Sporting Cambre a moitas categorías, moitos equipos que vai haber que recolocar dependendo dos horarios. Entón, gustaríaalles saber se hai unha data para o inicio das obras xa, ou un prazo de tempo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tampouco están de acordo coa forma de actuar, convocalos onte para vir hoxe a votar algo, sabendo que no caso de UxC son un partido asembleario. Vaia por diante que eles saben a necesidade que ten o campo de fútbol Dani Mallo, el persoalmente tamén sufriu ese campo tal e como está, pero non están de acordo en que se lles convoque dun día para outro sen poder ver, incluso, o proxecto que lles

mandaron. É inadmisíble ter que chegar aquí sen ver a documentación e ter que votar, ou polo menos sen tempo para analizar a documentación e ter que votala.

Continúa dicindo que eles vanse abster, e van facelo porque non son capaces de convocar unha asemblea de UxC para os seus afiliados, que teñen voz e voto en todo o que se trae aos plenos. Polo tanto, di que eles ven inadmisíble esta forma de traballar que teñen. Porque tamén poderían ter convocado de urxencia unha xunta de voceiros para tratar o tema e explicarlles, por exemplo, cando se acabou a garantía do campo que está feito, da obra que está feita, se teñen previsto coa Deputación, ou ben co Consorcio das Mariñas, un contrato de mantemento dos campos artificiais, ou se van seguir igual, porque se seguen igual dentro doutros poucos anos van estar nas mesmas circunstancias que están agora.

Eles son conscientes de que dende o municipio non poden facer ese mantemento, porque é un mantemento carísimo, pero si dende o Consorcio As Mariñas poden facer un mantemento para todos os campos dos concellos, seguramente máis barato, ou dende a Deputación. Piden ver se teñen previsto iso e en cantos prazos. Coinciden co concelleiro socialista en que agardan que non pase como co Paraugas, que os prazos son os que son, pero que os esgotan ata o final de todo, cando podían telo feito nun mes.

Polo tanto, a súa postura neste caso, aínda estando de acordo persoalmente co troco do céspede, e que se van abster, porque non poden votar doutra forma, sentíndoo moito ademais.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta en primeiro lugar que coincide cos que lle precederon na palabra, e critica a présa da convocatoria deste pleno. Pero dito isto, di que dende EU comparten e apoian a proposta do Goberno, que coincide basicamente coas peticións feitas polas distintas directivas do club Sporting Cambre. Merecen o seu recoñecemento e á parte a súa felicitación, polo seu empeño en facer realidade un proxecto que é moi necesario co fin de mellorar as instalacións deportivas do campo Dani Mallo, e co fin de que Cambre conte cunhas instalacións propias, acordades coas súas necesidades.

Continúa dicindo que esta realmente é unha demanda que non podía soportar máis demora ante o estado de deterioración lamentable que está sufrindo o campo de fútbol Dani Mallo, onde se fai case impracticable o deporte do fútbol, co correspondente risco, ademais, das lesións que poden sufrir os xogadores, como así contempla a propia memoria.

Esta renovación, baixo o seu criterio, permitirá unha plena funcionalidade do campo de fútbol, das mellores instalacións de uso do terreo de xogo. Non poden esquecer, evidentemente, o que vai ser a conversación e mantemento preventivo que ten que realizarse no campo Dani Mallo, porque ata o de agora non ocorreu, e as consecuencias as sufriron os xogadores que practican alí o fútbol.

Cre que é un día importante e especial para o fútbol e para o conxunto dos xogadores e da xente que practica o deporte no Dani Mallo.

Respecto do que se dicía antes, el tivo a oportunidade de mirar a memoria, non con demasiada profundidade, porque o tempo a verdade é que non foi moito, pero o prazo establece que hai un mes, segundo leu el, para realizar as obras. Por conseguinte, o grupo de EU vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable, porque entenden que é unha actuación que beneficia ao interese xeral dos veciños de Cambre, nomeadamente ao Sporting Cambre.

Coinciden en gran medida coas críticas que aquí se expuxeron un pouco á actuación respecto dos prazos e formas que dalgunha maneira terían posibilitado que hoxe o apoio desta Corporación fose unánime a unha medida que entenden xusta. Non quere tampouco afondar en parte no que xa se dixo, e simplemente introducir un matiz, e o fan publicamente, porque ben é certo que esta obra se podía ter realizado antes, dicía o concelleiro de Deportes que practicamente dende que chegou o actual equipo de goberno á Alcaldía, a situación do campo xa estaba como estaba, e que se tiveran conseguido os cartos antes teríanse evitado algunha que outra queimadura de cachas e algunha que outra lesión, pero ben está, en certa maneira, o que agardan ben acabe, que acabe en prazo e que acabe debidamente, e si que lle recoñecen dalgunha maneira o mérito de conseguir esta nominativa por parte da Deputación.

Inciden nese aspecto, que se podían ter axustado un pouco máis amplamente os prazos, dado máis información con máis tempo á oposición, e botan en falta que se concrete con maior exactitude o período de tempo que vai estar o campo en obras. E con vistas ao futuro, loxicamente interpelalos a que tanto no Consorcio As Mariñas como na Deputación se logre avanzar na idea de xestionar o mantemento destes campos de herba artificial de xeito común, porque lograríanse abaratar moito os custos e darlles, ademais, unha atención mellor que posibilitaría que tiveran unha vida útil máis longa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que está a favor totalmente deste investimento que se quere facer no campo Dani Mallo, o que é a nova instalación de herba artificial. Tamén quere deixar claro que el comprende a convocatoria do pleno, que se convoque con esta présa, convocouse hai máis de 48 horas. Comprende que ten que ser aprobado a finais deste mes na Deputación e, para que se poida incorporar á orde do día no pleno da Deputación de final de mes, antes ten que pasar polas comisións, que cre que son mañá ou o luns, por iso comprende a présa.

Por outra parte, se lle permiten facer un pouco de historia, cre que é xusto recoñecer as persoas que teñen traballado e teñen colaborado para que o campo Dani Mallo hoxe sexa unha realidade. Fala de xa hai case 13 anos, el era voceiro do grupo municipal popular aquí no Concello de Cambre, e a inquedaanza do entón presidente do Sporting Cambre, Arturo Ventos Cenzillo (Turi), por dotar ao concello dunhas boas instalacións deportivas, e pola súa insistencia e as visitas pola súa propia parte e por parte doutros compoñentes do grupo municipal daquel entón, anos 2002, 2003 e 2004, visitas efectuadas á Xunta e á Deputación, porque lembra que o campo Dani Mallo se

fixo cunha subvención daquelas que había de Xunta, Deputación, Concello, conseguiron este importante investimento no seu día.

Di que por iso quere destacar a figura, primeiro de quen era presidente naquel momento do Sporting Cambre, de Arturo Ventos Cenzillo, por suposto de todos os socios que tamén foron espléndidos en ceder uns terreos ao concello para poder levar a cabo esta infraestrutura e, por suposto, salientar a importancia que tiveron dúas persoas, que foron Eduardo Lamas, secretario xeral de Deportes naqueles momentos na Xunta de Galicia, e Carlos López Crespo, que era o deputado provincial naquel momento encargado de Deportes.

Conclúe agradecendo á Deputación este investimento que vai facer no campo Dani Mallo, que é verdade que xa facía falta e, por suposto, tamén é de valorar a xestión de todas as directivas do Sporting Cambre. Está presente aquí no salón un ex-presidente e xente da nova directiva, e felicítaos porque eles están traballando altruistamente, dedicando o seu tempo libre, o tempo que lle quitan ás familias e aos amigos, en ben dos nenos e da xuventude deste concello.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que, por puntualizar, quere explicar de novo por que se convoca este pleno de maneira urxente. O RC da Deputación apróbase no último pleno do mes de setembro e a Deputación remítelles o proxecto para a súa aprobación. Ese proxecto ten que ser valorado polos técnicos municipais, e como teñen na documentación que se lles ten remitido, o último informe do coordinador de Deportes é do 14 de outubro. Poden deixar isto para o pleno ordinario, efectivamente poden facelo, pero iso levaría consigo non poder presentalo no pleno da Deputación deste mes, co cal atrasaríalles os prazos un mes máis. Meteríanse en que habería que sumarlle outro mes para a sinatura do convenio, e comezarían as obras en marzo ou abril. A urxencia precisamente é para poder evitar iso, poder presentalo neste pleno da Deputación, que como ben dixo o Sr. alcalde as comisións son o luns, para intentar na medida do posible asinar o convenio este mes entrante.

Continúa dicindo que esa é a idea, poder contratar as obras e que se executen á maior brevidade. O teñen nos informes, non é que teñan retido a documentación, senón que están a día 16 de outubro e o pleno de Deputación foi na última semana do mes pasado. O informe do arquitecto é do día 14, o informe do técnico é do día 15, e teñen a documentación do proxecto no correo electrónico do día 15, o proxecto completo do estudo de arquitectura que o realizou.

Di que entende que os prazos son axustados, pero cre que a situación deberían entender todos que o merece. Poderían facelo despois, efectivamente, teñen razón, poden levalo ao pleno ordinario deste mes, pero iso vailles levar a atrasar entre mes e medio e dous meses todo o proceso de contratación. Se a eles non lles parece xustificación suficiente para convocar un pleno, para o equipo de goberno si é xustificación máis que suficiente para poder acurtar os prazos na medida do posible, e que o proceso administrativo sexa o menor que poidan, iso despois de que, como ben citaron algúns dos concelleiros da oposición, leven máis de dous anos e medio pelexando por conseguir esta subvención nominativa.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, manifesta que a el, de todas maneiras, gustaríalle saber se o concelleiro lles pode concretar as datas, que foi o que preguntou.

Don Fernando Caride Suárez contesta que o pleno da Deputación foi o último venres do mes de setembro.

Don José Manuel Lemos Seoane dille que pregunta polas datas posibles de inicio da obra.

Don Fernando Caride Suárez responde que se trata dunha subvención nominativa, e o Sr. concelleiro debe saber como é o procedemento. Apróbase en pleno, de seguido o presidente da Deputación convocará ao Sr. alcalde para asinar un convenio, ese se remitirá ao concello e aquí se iniciará un procedemento de contratación. A intención do Goberno é tramitalo por carácter de urxencia, porque así está xustificado na documentación que lles remitiron. En canto aos prazos, antes de asinar o convenio coa Deputación el non pode comprometerse co concelleiro socialista respecto dos prazos, iso debería sabelo. O que lle pode dicir é que van intentar asinar coa Deputación o convenio o antes posible e, unha vez que estea aquí, a tramitación do expediente de contratación será con carácter de urxencia, os prazos do carácter de urxencia o Sr. concelleiro os sabe, é un procedemento administrativo tipo.

Continúa dicindo que el non sabe a data na que o presidente da Deputación vai convocar ao Sr. alcalde para asinar o convenio, non pode dicirlle que o 15 de novembro, non pode dicirlle cando vai estar contratada ou adxudicada. Pode intentalo, efectivamente, pero dependen de que o trámite continúe o seu camiño, e ese é un dos prazos. Precisamente, como lles aprema o tempo, foi polo que convocaron un pleno extraordinario, se o tiveran deixado para o ordinario deste mes, a Deputación o presentaría no seu ordinario do mes de novembro e meteríanse en decembro co proxecto aquí. Decembro, por riba, que como todos saben é o 50% do mes, porque a primeira semana é a semana da ponte da Constitución e despois vén o Nadal, polo tanto, iniciarían un procedemento de contratación a finais de xaneiro ou principios de febreiro. Un procedemento de contratación que polo importe, como saben, é un procedemento aberto, que ten uns prazos máis longos que un procedemento negociado. En conclusión, se o atrasan máis, vanse meter en contratación en abril.

O Sr. alcalde pregunta se quedou contestada a cuestión ou se hai algunha dúbida. Di que, para que quede claro, esta é unha subvención nominativa da Deputación provincial, subvención nominativa que teñen loitado para conseguir, dado que ese campo xa foi financiado no seu día pola Deputación provincial. É unha dobre actuación no mesmo campo. É unha subvención nominativa do ano 2014, se non logran levar isto a pleno no mes de outubro, a subvención nominativa pérdese, porque se lle acaba o prazo, tería que entrar na convocatoria dos orzamentos de subvencións nominativas do ano 2015. Esa é a realidade.

En canto ao prazo da obra, está contemplado no proxecto, dende a licitación ata o termo da obra. Isto hai que levalo ás comisións de Deputación, que son a próxima semana, e por iso teñen que ter, se isto se aproba, a certificación do acordo, mañá ás 8 da mañá na Deputación, para que sexa fiscalizada. A próxima semana son as

comisións, ditamínase en comisións e lévase ao pleno do día 30, aí apróbase a subvención nominativa, co cal, nos vindeiros días o presidente da Deputación citaralo para asinar o convenio. Di que así están en novembro, e dar unha data neste momento é totalmente imposible, porque dependen do convenio. Remítenlles o proxecto unha vez asinado o convenio, iníciase o expediente de contratación polo Concello de Cambre, e o que tarde ese expediente de contratación.

Conclúe dicindo que a duración da obra é de 1 mes, e pregunta se quedou explicado

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non pensaba intervir, pero visto que por parte do Goberno non se explica en profundidade en que consiste, o diñeiro que se vai investir no campo Dani Mallo, quere dicirlle á xente que está aquí, que saiban que se van investir 232.848 euros, é a subvención nominativa, dos cales 46.000 correspóndenlle achegalos ao Concello de Cambre. Que saiban que se van investir 232.000 euros nesa actuación, para a súa información, nada máis.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que a el gustaríalle que lle contestara á pregunta primeira que fixeron, se teñen previsto algún tipo de contrato de mantemento respecto dos campos de herba artificial que teñen no municipio. Non se lles contestou se teñen previsto facer algo ou pedilo á Deputación, ou pedilo ao Consorcio, cal é a súa idea.

En segundo lugar di que eles quéixanse das formas. Entenden que pode ser un pleno extraordinario de urxencia, pero a convocatoria chegoulles o día 14 ás 16:42, a documentación chegoulles dúas horas antes da convocatoria. Onte chegoulles o proxecto, un proxecto moi espeso, que se queren realmente estudalo non teñen tempo a facelo, e o Goberno sabe como funciona UxC, UxC funciona con todos.

O Sr. alcalde pide orde.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que igual o Sr. alcalde ten que botar ao Sr. concelleiro do seu grupo outra vez para que vaia aprendendo, non sabe cantas veces vai ter que botalo do pleno.

Continúa dicindo que é un problema de funcionamento de UxC, por suposto, pero UxC funciona de forma asemblearia, onde todos os seus afiliados, os simpatizantes, teñen voz e voto, e é unha forma de facer política que eles teñen que respectar, porque aquí non veñen só os 21 concelleiros que están aquí a dicir o que teñen que facer en Cambre, senón que son representantes de todos os veciños e veciñas, e eles o que teñen que ter é respecto, primeiro aos seus compañeiros, e así o van facer sempre. Aínda que tanto Eugenia como el están de acordo con este proxecto, non poden votar nin a prol nin en contra porque non saben a opinión do resto dos compañeiros, porque non lles deron tempo. E di que iso non é a primeira vez que o dixeron aquí e, polo tanto, o Goberno debe ter un pouco de respecto tamén ao resto das forzas políticas e á súa forma de traballar, nada máis.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, se lle permite, diríxese directamente ao Sr. alcalde, porque de verdade aspira a que humildemente o entenda, é dicir, el cre que ás veces dende o seu equipo de goberno teñen unha

facilidade abraiante para facer difícil o que é fácil, e para xerar climas de disenso onde hai un consenso, é dicir, que quede claro e que de verdade llo di, ao Sr. alcalde, ao seu equipo de goberno, ao conxunto da Corporación, e á xente que está presente nesta sala, el cre que nin o BNG nin ningún dos grupos da oposición protestou, por así dicilo, ou reclamaron que non se faga este pleno extraordinario, faltaría máis, teñen toda a disposición do mundo, claro que non queren agardar ao pleno ordinario do mes de outubro e que haxa un risco de que se perda a subvención, nada máis lonxe da súa intención, que quede total e absolutamente claro.

Este pleno que celebran hoxe, por eles poderíase ter realizado hai dous días, sería mellor, e iría todo máis sobre seguro, e se a convocatoria e a documentación en vez de serlles achegada hai dous días, lles tivera sido achegada hai 10 días, pois loxicamente mellor para todos, porque terían, uns máis tempo para mirar a documentación, outros para consensuar e falar o tema no seu partido, para levar a idea máis madurada, e seguro que terían un apoio unánime. Pero que fique claro, porque despois algún ten coñecemento tamén de cousas, hai por aí algún concelleiro do equipo de goberno que anda dicindo polos bares que o BNG non quería que se arranxara e que se fixera a operación que se vai facer no campo do Brexo-Lema, que todo chega, e tamén hai que dicilo. Pois non, que quede claro cal é o posicionamento do Bloque. Están a prol de que se realice esta obra, e están a prol deste pleno, e cando se necesitan, por motivos legais, por motivos burocráticos, por motivos de prazos, realizar plenos extraordinarios, cando hai que facer algo con urxencia, toda a colaboración institucional por parte do Bloque como grupo da oposición para este equipo de goberno, sempre a tiveron e sempre van tela. Por iso que non se lles diga que o que querían era que isto fora tal ou cal, non, eles simplemente querían que se lles convocara un pouquiño antes, para ter a documentación antes e poder estudala mellor.

E remata xa dicindo que o que se pediu aquí, e eles é unha petición que tamén fan propia, é que se lles dea un prazo de cando vai comezar a obra e canto tempo vai durar. Saben que, efectivamente, non pode estar o prazo pechado, pero multitude de veces se lles ten dito, en actividades de campamentos de xuventude, de educación ou de servizos sociais, orientativamente, estimativamente ou o que eles van traballar para conseguir. Entenden que alguén neste concello terá unha idea mínima de cando van comezar as obras. Queren pensar que é así.

Conclúe dicindo que saben que, efectivamente, debido ao procedemento administrativo, iso non pode estar atado, pero se hai unha idea mínima, entenden que entre alfinetes, poden compartila no pleno, entra dentro do sentido común, que ás veces non é o máis común dos sentidos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non quería deixar pasar a oportunidade de felicitar ao Goberno por conseguir esta subvención, tamén quere dicilo claramente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el simplemente quere responder. Dálle a impresión dunha de dúas, ou que ás veces non escoitan, ou é que non o entenden, sinceramente. Non quere facer polémica, pero os informes que teñen da Deputación din que o remanente de crédito foi aprobado no pleno da Deputación o

mes pasado. Remítenlles o expediente con data de entrada do día 13 ou 14 de outubro, téñeno no expediente, e pregunta cando ían convocar o pleno. A Sra. secretaria díxolle que tiña 48 horas para convocar o pleno, e iso é o que el fixo, convocar o pleno e mandarlles a documentación. El non sabe onde está o problema, buscan problemas onde non os hai. Aquí trátase de aprobar un investimento que teñen conseguido con moitas dificultades, moitas, e agora eles pídenlle que lles dea unha data. Dilles que as obras van tardar un mes. O expediente de contratación, eles saben como é, porque están nas mesas de contratación. Veñen as empresas, aínda que se faga por urxencia, ábrese o sobre A, o sobre B, o sobre C, etc. Saben o que tardan, que teñen que pedirlle a documentación ás empresas, que a manden, que iso vai tardar dous ou tres meses, el non o sabe, igual tarda 15 días, e a partir de aí un mes para facer a obra. E eles queren que se comprometa.

El cre que xa o explicou antes, que aquí trátase de aprobar un proxecto que cre que é bo para Cambre, para todos os de Cambre, e sobre todo para os que están rompendo as pernas todos os días no campo de fútbol, ou case que todos os días, porque todos os días adestran.

Di que iso é o que hai, e non hai que buscar outro tema sobre se convocou o pleno antes ou despois. Pídelle perdón ao Sr. García Patiño, pero el non sabe cal é o funcionamento de UxC, pero supón que cando ten que facer unha convocatoria como a que tivo que facer el para que isto non se perda, de urxencia, coa súa asemblea, tamén a fai. El cre que non é ese o problema. Se queren buscar problemas onde non os hai, perfecto, aquí veñen votar un tema, se é bo para Cambre ou non é bo para Cambre.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que en vista da aclaración, e ademais cre que quedou totalmente claro o interese de todos os grupos pola realización destas obras, o que dende o grupo socialista piden ao equipo de goberno é que no momento no que se vaia avanzando neses prazos que son administrativos, como a sinatura do convenio, o proceso de negociación e demais, que haxa unha total comunicación da concellería de Deportes, coa directiva do Sporting Cambre, polo que dicían, para planificar que se o inicio da obra vai ser na metade da tempada, o que iso poida supoñer, ou ao mellor que se fale con esa directiva para demoralo, unha vez aprobado todo, porque ao mellor é interesante deixar a obra para cando sexa o parón do verán.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC.

A Corporación, por dezaoto votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto básico e de execución da obra de reposición do céspede sintético no campo de fútbol municipal Dani Mallo elaborado por Naos 04 arquitectos S.L.P. Arquit. 9436 COAG cun orzamento de execución de contrata de 232.848,10 euros (IVE incluído).

Segundo: Solicitar a subvención á Excm. Deputación Provincial da Coruña para a obra de reposición do céspede sintético no campo de fútbol municipal Dani Mallo.

3º Proposta de modificación da base quinta da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2014, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 14 de outubro de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata dun erro de transcripción á hora de pasar as ditas bases á plataforma Sigem. Omitiuse o último parágrafo no que se cita o prazo de presentación das solicitudes, que rematará o 5 de decembro de 2014. Di que ese é o erro e tiveron que traelo de novo a pleno porque ten que ser aprobado para que poida incorporarse ás ditas bases.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que eles, como fixeron no pleno correspondente, vanse abster sobre esta cuestión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2014, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014, incluíndo un último parágrafo na base quinta: *Solicitudes, documentación e prazo*, redactado do seguinte teor literal: "O prazo de presentación de solicitudes rematará o 5 de decembro de 2014".

Segundo: Publicar esta modificación no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do concello.

4º Proposta de modificación da base cuadraxésimo quinta das bases de execución do Orzamento xeral do exercicio 2014

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 7 de outubro de 2014.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, explica que o que se pretende con esta modificación é aumentar o importe da subvención á escola de música e baile Sementeira de Cambre. Di que todos coñecen o labor primordial que desenvolve esa escola de música, ese labor o desenvolve en dous sentidos, por un lado veñen a desenvolver un labor formativo con nenos e nenas de

Cambre e, por outro, levan o nome do municipio por todos os lugares onde participa a banda de música.

Con este aumento do importe da subvención o que pretenden é potenciar a dobre vertente cultural e turística desta asociación. Un dos motivos deste incremento é que no curso 2012-2013 a escola de música Sementeira contaba aproximadamente con 180 alumnos, no curso 2013-2014 eses alumnos aumentaron a 220 e no curso actual, o 2014-2015, esa progresión segue subindo. Iniciáronse tamén no curso 2013-2014 dúas novas disciplinas, música en familia para 1, 2 e 3 anos, e violonchelo, incrementáanse, polo tanto, tanto os gastos de profesorado como de material.

Aumentan tamén as formacións musicais afeccionadas da escola. Constituíronse o coro de adultos e o coro infantil. Incrementáanse polo tanto os gastos de mantemento desas agrupacións, os desprazamentos, o director, etc.

Reitera que unha das cousas máis importantes desta escola é que leva, onde queira que vaia, o anagrama e o nome de Cambre no seu peto, nos seus uniformes. Conclúe dicindo que é por iso que se pide este incremento da subvención.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, quixera que por parte do Sr. interventor se lles aclarara unha cousa. En concreto, no seu informe, nas conclusións, manifesta que antes da sinatura do convenio deberán levarse a cabo as modificacións orzamentarias pertinentes para dotar de crédito estas subvencións. Pregunta se, entón, nesta proposta non se está facendo ningunha modificación orzamentaria para subir a partida onde estaba recollida a subvención nominativa para Sementeira, de 43.000 a 55.000 euros. Pregunta se está no certo.

O Sr. interventor contesta que correcto.

Don Augusto Rey Moreno continúa dicindo que, entón, ante esa manifestación, evidentemente, e con todo o respecto, aquí non se está incrementando ningunha partida, estase manifestando a vontade futura de incrementalala, que terá que vir como consecuencia dunha modificación orzamentaria. O que non entenden é por que non se trae hoxe a aprobación.

Toma a palabra o Sr. interventor para explicar que hai dous tipos de modificacións orzamentarias, que son as cualitativas e as cuantitativas, segundo o Texto refundido das facendas locais. As cuantitativas son competencia de Pleno cando son transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto. Aquí realizouse e posteriormente á proposta ao Pleno unha transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto, co cal é competencia de Alcaldía. A transferencia xa está feita, e o importante é que antes de facer as fases de aprobación, disposición e recoñecemento de obrigacións, que estivera feita, é o que se di no informe. A competencia neste caso para a transferencia é da Alcaldía, e a competencia para a modificación das bases do orzamento é do Pleno.

Don Augusto Rey Moreno pregunta ao Sr. interventor se entón lle está a dicir que na actualidade a partida 334.48901 “Escola de baile e música Sementeira” que estaba dotada cunha dotación inicial de 43.000 euros, agora mesmo é de 55.000.

O Sr. interventor contesta que agora mesmo é correcto. O momento administrativo é o seguinte: faise unha proposta, a proposta infórmase, e unha vez se fai a proposta ao pleno é cando se inicia a transferencia de crédito, paralelamente.

Don Augusto Rey Moreno pregunta de que partida se financiou esa transferencia.

O Sr. interventor di que é dunha da área de gasto do grupo 3, cre lembrar, e de capítulo de persoal, créditos vacantes de persoal que non estaban afectos a ningunha obrigación, aínda que tenllo que concretar porque se fixeron varias transferencias estes días.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que con estas aclaracións, que cre que eran necesarias, eles van apoiar a proposta.

O Sr. interventor sinala que, de todos modos, pon isto en corentena, e diralle a partida xusta cando o comprobe.

Don Augusto Rey Moreno pregúntalle se, en todo caso, a partida agora mesmo está en 55.000, e ante a confirmación do interventor municipal, o voceiro socialista continúa dicindo que feitas esas aclaracións, eles van apoiar esta modificación, non soamente das bases, senón en xeral da posibilidade de financiar as demandas e as necesidades da escola Sementeira. Cren que se fai xustiza, como dixo moi ben o concelleiro, co labor que vén desenvolvendo. E dado que segundo ten entendido as necesidades financeiras por parte de Sementeira son reais e moi presentes, pide que se tramite isto á maior celeridade, para que poidan dispoñer deses fondos o máis rapidamente posible, e saír da fochanca na que agora mesmo están as finanzas da asociación.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles vanse abster polos mesmos motivos que se abstiveron co tema do Dani Mallo, por non poder debatelo.

De todas formas, di que si botan en falta o informe da escola Sementeira en canto ao incremento de gastos, porque aquí o único que se lles di por parte do concelleiro é que hai un incremento de gasto, pero non se xustifica ese incremento.

Conclúe dicindo que están de acordo co labor que fai Sementeira, só faltaría, pero supón que ao concello Sementeira lle daría un informe de subida de gastos nos últimos anos. Entende que o concelleiro debe telo, eles non o teñen, así que lles gustaría realmente velo. Botan en falta, polo menos, esa pequena documentación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles van votar a prol da proposta, porque cren que debe existir un compromiso firme coa escola Sementeira, e contribuír con recursos para facer fronte aos múltiples

gastos imprescindibles para o seu funcionamento e atención a esas persoas que desenvolven a actividade na escola de música, onde se promoven os valores e as distintas disciplinas musicais.

Quere dicir tamén que a escola Sementeira foi un exemplo no traballo asociativo do concello, e só basta recoñecer a formación e promoción de tantos novos intérpretes nas distintas disciplinas musicais.

O grupo de EU sempre valorou o labor desenvolvido por esta escola, pola que fan pública a súa maior consideración e, polo tanto, van votar a prol, ao contrario do que fixo o PP na última subvención que se deu a Sementeira, na que por un defecto de forma non votou a prol, EU si que vai facelo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable. Non quere redundar nos motivos expostos, o que si, porque en parte o tema de Sementeira é recorrente, eles propoñen tamén que, a medio ou longo prazo, ver a posibilidade de asinar, se non un protocolo, unha colaboración de carácter plurianual que dea dalgunha maneira máis comodidade ao concello e máis estabilidade a Sementeira, que lle cubra os gastos que previsiblemente se poidan derivar do seu crecemento.

Polo demais di que loxicamente se congratulan de que esta necesidade de aumentar o gasto veña derivada dun aumento da actividade, o cal redonda nun beneficio para Cambre e loxicamente danlle os seus parabéns ao traballo feito por Sementeira e á iniciativa do Goberno municipal de ter a axilidade de responder rapidamente a unha demanda dunha asociación como esa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle gustaría facer unha aclaración. Mencionou que no seu momento o PP se abstivera cando se solicitaba unha subvención para Sementeira e lembra o que dixo dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP naquel momento, que aínda que o seu grupo estaba de acordo con que se dera esa subvención á escola Sementeira, ían absterse neste punto polas formas, porque acababan de aprobarse os orzamentos e pensaban que o mellor era absterse.

Conclúe dicindo que iso entra un pouco en sintonía co que dicían antes algúns compañeiros que tamén polas formas se abstiveron.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno solicita unha aclaración a maiores, e tamén ao Sr. interventor. No seu informe manifesta o seguinte no terceiro punto, conclusións, que antes da sinatura do convenio deberán levarse a cabo as modificacións orzamentarias pertinentes para dotar de crédito estas subvencións. Entenden que, polo tanto, ao estar feita esa transferencia de partida xa non é necesario o que se recolle no informe.

O Sr. interventor explica que foi posterior a transferencia a este informe e que agora xa non faría falta.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que vale, pero que non tería estado de máis que se lles tivera informado diso para evitar alegacións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, efectivamente, a escola Sementeira leva demandando e poñendo sobre a mesa do concello, polo convenio que ten asinado cada ano, as necesidades financeiras con que se atopa. É verdade que a escola Sementeira leva o nome de Cambre por moitas cidades de España, é un recoñecemento á escola de música que teñen que facer dende aquí.

Ben é verdade que esta transferencia de crédito que están a facer, ou este aumento para este exercicio é loxicamente para cubrir os gastos que ten Sementeira de aquí a fin de ano, e con isto contesta ao Sr. Carballada que falou dun programa plurianual, porque cando presenten os orzamentos do ano 2015, van aumentar a partida orzamentaria para Sementeira, para non ter esa dificultade e que Sementeira se poida financiar sen ter eses afogos e estar pedíndolle sempre ao concello, e para que ademais o concello tampouco teña a necesidade de pagar nunha determinada data, porque senón os profesores non poden cobrar.

Di que isto o levan arrastrando hai un par de anos. El falou co presidente da escola, e chegaron a un acordo para solucionar eses problemas. Os rapaces de Cambre están en aumento, e el cre que a capacidade da escola Sementeira aínda se podía estirar un pouco máis, pero cre que aí están os bos resultados que está obtendo, e cre que iso hai que apoialo dende todos os estamentos, está claro.

Por outra parte, loxicamente vanlle pedir a Sementeira que ese nome publicitario, ou esa promoción do Concello de Cambre, chegue a máis sitios. É o que están tratando conxuntamente de promover.

Conclúe dando as grazas a todos os grupos polo apoio, porque cre que para a escola Sementeira é importantísimo e imprescindible, para que sigan crescendo os alumnos e poidan comprar os equipos de música que lles faltan, que algúns si lles faltan.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e absteñense os dous concelleiros presentes de UxC.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases de execución do Orzamento xeral da Corporación do exercicio 2014 coa modificación na súa base cuadraxésimo quinta, aumentando a subvención para a Escola de baile Sementeira en 12000 €, pasando de 43000 € a 55000 €.

Segundo: Expoñer ao público por un período de quince días mediante previo anuncio inserto no *Boletín Oficial da Provincia*. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia